

RESUMO DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 16 DE MARZO DE 2005

Ás 10 horas en segunda convocatoria, na Sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno presidida polo Excmo. Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **ANEXO I**.

1. INFORME DO REITOR

A secretaria xeral informa da toma de posesión dos novos decanos e directores de centro que tivo lugar nun acto conxunto o 11 de febreiro de 2005 e dos nomeamentos e cesamentos dos vicedecanos e subdirectores de centro e dos secretarios de centro e departamento, por proposta dos correspondentes titulares dos órganos unipersoais. A relación de cesamentos e nomeamentos figura no **ANEXO II**.

Tamén informa da realización das eleccións de representantes dos decanos e directores de centro, directores de departamento e de instituto no Consello de Goberno, que tivo lugar o día 24 de febreiro de 2005, coa seguinte proclamación de electos:

Decanos e directores de centro

- Casteleiro Maldonado, Manuel
- Rego Veiga, Gustavo
- Naveira Fachal, Horacio
- López Fernández, Teresa
- Rodríguez Gayán, Eloy M.
- García Núñez, Moisés Alberto
- Rodríguez Fernández, Ángel A.

Directores de departamento

- Cao Abad, Ricardo
- Suárez-Mira Rodríguez, Carlos
- González López, Primitivo Benito
- Dopico Calvo, Jorge
- González Cabanach, Ramón
- Faiña Medín, José Andrés
- Soraluze Blond, José Ramón

Directores de instituto

- González Laxe, Fernando

A secretaria xeral informa da realización das eleccións de representantes dos estudantes en Claustro no Consello de Goberno, que tivo lugar o día 8 de marzo de 2005, coa seguinte proclamación de electos:

- Canosa Ferrio, Tamara (xurídico social)
- González Veira, Gael (xurídico social)
- Rodríguez Amoroso, Azucena (xurídico social)
- Fernández Fontao, Jorge Juan (tecnolóxico)
- García Camba, Roi (tecnolóxico)
- López Santamaría, Eladio (tecnolóxico)
- Pardo Varela, Brenda (ciencias)
- González Veira, Avia (humanidades)

A secretaria xeral informa da realización das eleccións de representantes dos estudantes en Claustro na Mesa do Claustro, que tivo lugar o mesmo día 8 de marzo, coa seguinte proclamación de electos:

- Acosta Vigo, Javier
- López Iglesias, Macías
- Torres Pose, María
- Valencia Romar, Cristina
- Vizcaíno Martínez, Cristina

Así mesmo informa do cesamento, como membros do Consello de Goberno designados polo reitor, de D. Rafael Colina Garea e de D^a. María José Martínez López e do nomeamento no seu lugar de D. Manuel Graña López e D. José Manuel Casabella López.

Informa tamén dos cesamentos de D. Miguel Silva Suárez como director do Servizo de Obras e Equipamentos e de don Xan Casabella López como director da área de Arquitectura e Edificación e do nomeamento deste último como director do Servizo de Obras e Equipamento.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación económica, quen informa de que de conformidade coa base 9^a “Competencias”, apartado 2, parágrafo primeiro das bases de execución do orzamento do 2005, a Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno validou expedientes de

gasto e a correspondente imputación destes a créditos de 2005 de obrigas xeradas en exercicios anteriores ou no exercicio corrente por un importe global de 320.893,67 euros. De conformidade coa mesma base, no parágrafo segundo, o vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica imputou expedientes de gasto a créditos de 2005 de obrigas xeradas en exercicios anteriores por un importe global de 5.152.111, 21 euros.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor do Campus de Ferrol e Relación Universidade-Empresa, quen informa de que a UDC e o Concello de Ferrol entregaron o pasado 22 de febreiro, nun acto celebrado no salón de plenos do Concello de Ferrol, o IV Premio de Investigación Concepción Arenal de Humanidades convocado no ano 2004 ao traballo titulado “Tras las huellas de la Torre de Babel. Primer proyecto español para la reconstrucción del monumento”, realizado polo grupo de investigación dirixido polo profesor D. Juan Luis Montero Fenollós, da Facultade de Humanidades de Ferrol. O día 1 de marzo fíxose unha presentación pública do proxecto no salón de actos do campus de Ferrol.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa da reunión da Comisión Mixta UDC-Sergas que tivo lugar o día 17 de febreiro, en que se acordou vincular as prazas de catedrático de EU da área de Otorrinolaringoloxía á praza de facultativo especialista da área de Otorrinolaringoloxía do complexo hospitalario universitario Juan Canalejo, na actualidade ocupada por D. Adolfo Sarandeses García e a de profesor titular de EU de Enfermaría de Ferrol á praza de enfermeiro do complexo hospitalario universitario Juan Canalejo, na actualidade ocupada por D^a. Carmen María García Martínez. Tamén se acordou propor a convocatoria de dúas prazas de profesor asociado de ciencias da saúde (PACS): as dúas para o departamento de Medicina, tempo parcial P3 (90 horas anuais), unha para a área de Radioloxía e Medicina Física e outra para a área de Medicina.

Informa tamén da convocatoria polo procedemento de urxencia dunha praza de profesor asociado T3-P6 para a área de Construcións Navais, porque renunciou o profesor D. Joaquín López Cortijo e dun profesor asociado tipo 3 de substitución para a área de Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores, pola baixa do profesor D. Ramón Doallo Biempica.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, que informa da publicación do borrador correspondente á I convocatoria de contratos programa para o deseño estratéxico e a innovación na UDC. A convocatoria fíxose o xoves 17 de marzo. Informa tamén da finalización da avaliación docente correspondente ao primeiro cuadrimestre e da boa marcha da avaliación dos servizos correspondentes á convocatoria 2004/2005, así como da aprobación na Comisión de Calidade do calendario 2005/2006 de avaliación dos servizos.

Informa das reunións celebradas na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e na Comisión Mixta do Parlamento de Galicia para a integración do SUG

no espazo europeo de educación superior, en que se acorda harmonizar as normativas académicas do SUG, empezando polas de doutoramento; establecer unha metodoloxía de traballo para a análise do mapa de titulacións do SUG baseado no consenso sobre os criterios; fixar unha primeira reunión no mes de abril para tratar o suplemento europeo ao título e as accións que as universidades están a realizar para a súa integración no espazo europeo; analizar a posibilidade de comezar en febreiro de 2006 con posgraos de carácter interuniversitario, solicitando que a Xunta de Galicia estableza unhas pautas para o proceso de implantación dos posgraos, de modo que se evite comezar o proceso sen planificación.

Tamén informa da finalización do plano piloto do proxecto “udcmóbil”, levado a cabo na facultade de Informática e que permite facer chegar a toda a comunidade universitaria información e alertas a través do teléfono móbil.

Aclara os motivos do incidente de rede ocorrido o luns 14 de marzo, debido a un problema de seguridade na facultade de Informática e a unha instalación errónea que produce un circuíto pechado na facultade de Ciencias da Saúde. O problema tardou en ser localizado. Estanse a adoptar os procedementos necesarios para que non se repita.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación, quen informa da convocatoria do Servizo de Normalización Lingüística de cursos de lingua e cursos de verán e de axudas de investigación para teses en lingua galega. Tamén informa da posta en práctica da proposta que obtivo o premio Luísa Villalta e salienta que aumentou a cantidade destinada a axudas para a organización de cursos e congresos. Informa que a convocatoria da Xunta de Galicia para publicacións periódicas se substitúe este ano por un convenio coa UDC, pola mesma cantidade, e será a UDC a que fará unha convocatoria interna.

O Sr. Reitor dálle a palabra á secretaria xeral, quen informa de que se lle solicitou un informe á Asesoría Xurídica sobre os casos en que procede convocar eleccións parciais e resulta que “no sistema electoral deseñado polo regulamento vixente na Universidade da Coruña non está prevista a realización de novas eleccións ou eleccións parciais no suposto de que queden vacantes, total o parcialmente, os postos convocados nas eleccións orixinais... unicamente procede a convocatoria de eleccións parciais naqueles casos en que, por cesamento de representantes, o número de postos vacantes nun determinado sector sexa superior á metade do total destes, circunstancia que unicamente se detecta no sector de alumnos da Xunta de Centro do INEF... circunstancia que encaixa no suposto de feito a que se refire o art. 30.4 do regulamento e que determina a procedencia de convocar eleccións parciais para cubrir a totalidade das vacantes existentes nese sector e circunscrición”. O informe incorpórase ao resumo como **ANEXO III**.

Tamén informa sobre a relación de programas de doutoramento que se aprobaron para o bienio 2005/2007, que traslada ao Consello de Goberno a Comisión de Doutoramento.

En asuntos xurídicos, infórmase da sentenza do 2-2-2005 do TSXG, en relación co procedemento abreviado núm.160/04 interposto por D^a. Carmen María Cartamil Obelleiro contra a Resolución reitoral do 31-5-2004, mediante a que se convoca un concurso de méritos para a provisión de diversos postos de traballo correspondentes ao persoal funcionario de administración e servizos da UDC, que desestima os recursos de apelación interpostos pola parte recorrente e pola Universidade, confirmando a sentenza do xulgado do contencioso-administrativo núm.3, que anulou o parágrafo terceiro da base primeira da convocatoria; da sentenza do 4-2-2005 do TSXG, en relación con autos núm.615/04, sobre despedimento, seguidos por instancia de don Diego Varela Pedreira, por que se estima o recurso de suplicación interposto polo interesado e que obriga a readmitilo, co aboamento dos salarios que deixou de percibir desde a data do despedimento; da sentenza do 10-2-2005, en relación co procedemento abreviado núm.144/04 interposto pola Unión Sindical Obreira contra a Resolución reitoral do 20 de abril de 2004 mediante a que se anula a Resolución reitoral do 13-11-2003, que convocaba probas selectivas para a provisión dunha praza de psicólogo, vacante no cadro de persoal laboral, desestimatoria do recurso interposto por USO; da sentenza do 11-2-2005, en relación co procedemento abreviado núm.0252/04, interposto por D^a. María Guillén Solórzano contra a resolución do Consello de Goberno do 28 de maio de 2004, desestimatoria do recurso interposto pola recorrente contra a resolución da concesión de Premios Extraordinarios de Licenciado do curso 2002/2003, que é parcialmente estimatoria para a recorrente e que obriga a retrotraer o procedemento ao momento da valoración por parte da comisión do centro.

2. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, QUE TIVO LUGAR O DÍA 10 DE FEBREIRO DE 2005

Apróbbase por asentimento a acta da sesión do Consello de Goberno do día 10 de febreiro de 2005.

3. APROBACIÓN DE CONVENIOS

A secretaria xeral informa sobre os convenios que figuran no **ANEXO IV**.

Os convenios son **aprobados** por asentimento.

4. APROBACIÓN DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO CONSELLO DE GOBERNO

A secretaria xeral informa de que, unha vez que se renovou completamente o Consello de Goberno procede, de acordo co que establece o artigo 27.2.r) dos Estatutos da Universidade da Coruña, que este elabore e aprobe o seu propio regulamento de réxime interno, que substitúa as normas para o funcionamento do actual Consello de

Goberno, que foron aprobadas con carácter provisional. A proposta presentada foi discutida cos diversos grupos e sectores representados no Consello de Goberno.

Ábrese un debate en que fan propostas de mellora técnica ou de reforma os señores Vidal Romani, González Veira (Gael), Faiña Medín, Casabella López, Suárez-Mira Rodríguez, Casteleiro Maldonado e González López. Faise unha pausa para consensuar as modificacións, que se introducen no texto que se somete a aprobación.

Apróbase por asentimento o Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno, que se atopa no **ANEXO V**.

5. ELECCIÓN DE MEMBROS DAS COMISIONS ESTABLES DO CONSELLO DE GOBERNO

A secretaria xeral informa de que a última renovación completa dos membros das comisións estables do Consello de Goberno tivo lugar o 18 de novembro de 1999, polo que, unha vez renovados os representantes dos decanos e directores de centro, directores de departamento e de instituto, e dos estudantes en Claustro, é necesario realizar eleccións para todas elas. Seguirase o procedemento establecido no artigo 20 do Regulamento do Consello de Goberno que se aprobou no punto anterior. Apróbase o seguinte horario:

- Presentación de candidaturas: ata as 11.30 horas
- Proclamacións provisionais: ás 11.45 horas
- Reclamacións: ata as 12 horas
- Proclamacións definitivas: ás 12.15 horas
- Votación: ás 12.30 horas.
- Escrutinio e proclamación provisional de candidatos electos: ás 12.45
- Reclamacións: ata as 13.15 horas
- Proclamacións definitivas de candidatos electos: ás 13.15 horas

Acórdase que non se realicen eleccións nos sectores en que o número de candidatos for igual ou inferior ao número de postos que hai que cubrir. Presentouse unha reclamación ao advertirse que existe un erro na proclamación provisional de electos polo sector de profesores na Comisión de Planos de Estudos e acórdase que se realice a votación na próxima sesión ordinaria do consello, mantendo as candidaturas presentadas.

Os novos membros das comisións son os seguintes:

COMISION DE ORGANIZACION ACADÉMICA E PROFESORADO

Sector: profesores pertencentes aos corpos docentes universitarios

- Casteleiro Maldonado, Manuel (ensinanzas técnicas)
- Fernández Cervantes, Ramón (ciencias da saúde)
- González Cabanach, Ramón (ciencias sociais e xurídicas)
- López Fernández, M^a Teresa (humanidades)

- Naveira Fachal, Horacio (ciencias experimentais)
- Rego Veiga, Gustavo (ciencias sociais e xurídicas)
- Rodríguez Fernández, Ángel (ensinanzas técnicas)

Sector: estudantes

- González Veira, Avia
- Rodríguez Amoroso, Azucena

COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN

Sector: profesores doutores pertencentes aos corpos docentes universitarios

- Arcay Varela, Bernardino (ensinanzas técnicas)
- Cao Abad, Ricardo (ensinanzas técnicas)
- Faiña Medín, José Andrés (ciencias sociais e xurídicas)
- Freire Botana, Juan (ciencias experimentais)
- López Fernández, Teresa (humanidades)
- Suárez-Mira Rodríguez, Carlos (ciencias sociais e xurídicas)

Sector: estudantes

- García Camba, Roi
- Pardo Varela, Brenda

COMISIÓN DE ASUNTOS ECONÓMICOS

Sector: persoal docente e investigador

- Faiña Medín, José Andrés
- González Laxe, Fernando
- Navarrina Martínez, Fermín Luis
- Núñez Sal, Jaime
- Valderruten Vidal, Alberto
- Vidal Romani, Juan Ramón

Sector: persoal de administración e servizos

- Constela Doce, María Isabel
- Rilo López, José Antonio

Sector: estudantes

- Canosa Ferrio, Tamara
- González Veira, Gael

COMISIÓN DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA

Sector: persoal docente e investigador

- Casabella López, José Manuel
- Dopico Calvo, Jorge
- García Núñez, Moisés Alberto
- González López, Primitivo Benito
- Rodríguez Fernández, Ángel
- Valderruten Vidal, Alberto

Sector: persoal de administración e servizos

- Grela Barreiro, María Jesús
 - Rilo López, José Antonio
- Sector: estudantes
- Canosa Ferrio, Tamara
 - García Camba, Roi

COMISIÓN DE PLANOS DE ESTUDOS

- Sector: estudantes
- González Veira, Gael
 - Rodríguez Amoroso, Azucena
- Sector: PAS
- Grela Barreiro, María Jesús

6. APROBACIÓN DO DOCUMENTO “MISIÓN, VISIÓN E VALORES” DO PLANO ESTRATÉXICO

O Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica informa sobre os prazos que hai que cumprir para elaborar o plano estratéxico da Universidade da Coruña. A continuación o Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación expón a estrutura e os contidos do documento “Misión, visión e valores”.

Ábrese un debate en que interveñen os señores González Laxe, González López, Casteleiro Maldonado e Faiña Medín facendo suxestións.

O documento “Misión, visión e valores” do plano estratéxico, coas modificacións que se acordaron, que figura no **ANEXO VI**, apróbase por asentimento.

7. APROBACIÓN DO CALENDARIO ACADÉMICO PARA O CURSO 2005/2006

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica informa da proposta do calendario académico para o curso 2005/2006 e insiste na importancia de que por parte dos centros se vixie o cumprimento dos prazos de entrega das actas, para evitar prexuízos aos estudantes. A Sra. Vicerreitora de Investigación informa de que o calendario de estudos de 3º ciclo será común ás tres universidades do SUG e que se manterá unha reunión o 29 de marzo para acordar as datas.

Apróbase por asentimento o calendario académico que se recolle no **ANEXO VII**.

8. APROBACIÓN DO LÍMITE DE PRAZAS

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica informa sobre o procedemento que se seguiu para establecer os límites de prazas nas diversas titulacións, en que se tivo en

conta tanto a evolución do número de persoas matriculadas nos últimos tres anos e a petición dos centros como o feito de que se trate de titulacións do SUG, tanto de estas seren únicas coma de o non seren.

Os límites de prazas que se recollen no **ANEXO VIII**, **apróbase** por asentimento.

9. CONVOCATORIA DUNHA PRAZA DE ANALISTA

O Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea informa de que está vacante a praza de analista L 231, que non foi cuberta no último concurso de traslados e procede cubrila polo sistema de concurso-oposición, ofrecéndoa primeiro a promoción interna e, se non se cobre, polo sistema xeral de acceso libre. A secretaria xeral sinala de que as bases da convocatoria foron informadas polo Comité de Empresa.

A convocatoria dunha praza de analista L 231 polo sistema de concurso-oposición **apróbase** por asentimento.

10. CURSO DE ESPECIALIZACIÓN

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica informa sobre a solicitude de implantación do curso de especialización en análise bursátil.

A implantación do curso de especialización en análise bursátil **apróbase** por asentimento.

11. ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Arcay Varela solicita información sobre unhas declaracións da Ministra de Educación na prensa e pregunta se se comentou algo na CRUE. O Sr. Reitor contesta que só hai rumores e que a reforma da habilitación parece que será inmediata, mentres que a de a LOU necesitará aínda tempo. O Sr. Vicerreitor de profesorado informa que a sectorial académica da CRUE fixo ao Ministerio unha proposta de reforma da habilitación, a que se mostrou receptivo.

A Sra. Candedo Gunturiz pide que se elabore unha normativa que regule as reclamacións que se fan por exames. O Sr. Vicerreitor de Estudantes sinala que se está a traballar no estatuto do estudante, en que se regulará a cuestión con máis detalle.

O Sr. Fernández Fontao pregunta pola colocación dun punto de información na escola, contestado o Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización europea que só está pendente dunha sinatura.

O Sr. Vidal Romaní pide que se fagan obradoiros de lingua galega non só para ciencias biolóxicas e que o Servizo de Publicacións prime a publicación de textos universitarios en galego. O Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación sinala que ese é o propósito.

O Sr. García Núñez suxire que se faga un convenio co aparcadoiro próximo á Maestranza para facilitar o aparcamento na zona e solicita un plano medioambiental da Universidade para facilitar a reciclaxe de residuos.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.00 horas.